

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2015-2018.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. SITUACIÓN INICIAL

3. ADDENDA LINGÜÍSTICA. DECISIÓN RESPECTO DAS LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS, MATERIAS E MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECEMENTO.

4. INFORMACIÓN E VALORACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO ANTERIOR

5. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS PARA O FOMENTO DO GALEGO.

6. INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE SE VAI DESENVOLVER NOS VINDEIROS CURSOS, PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1.- INTRODUCCIÓN

En cumprimento co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o colexio Marista- A Inmaculada de Lugo elabora en setembro de 2015 o presente Proxecto Lingüístico de Centro, que será presentado ó Claustro de Profesores e sometido, para á súa aprobación, ó Consello Escolar do Centro. Posteriormente incorporárase como parte do Proxecto Educativo do Centro, e finalmente será remitido á Inspección Educativa no prazo estipulado polo devandito decreto.

2.- SITUACIÓN INICIAL

O noso Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) pretende, en función do noso contexto sociolingüístico, ser unha canle de estratexias e actividades para potenciar os usos lingüísticos en lingua galega, lingua castelá, lingua inglesa e lingua francesa e mellorar, ao mesmo tempo, a consideración social do galego no noso Centro.

- O punto de partida do centro cara a unha planificación lingüística en lingua galega é claramente desfavorable segundo os datos que nos achega o IG e os índices sectoriais.
- O resultado do IG é de 0,72; o que indica un contorno claramente castelanófono.
- O resultado do I1 (Contexto sociolingüístico do centro) é de 3,2; indica un contexto de emprego do castelán e do galego por igual.

Puntos fortes:

A cidade de Lugo, no seu conxunto, emprega as dúas linguas máis ou menos por igual.

As Administracións Públicas (Concello, Xunta de Galicia...) fan un uso escrito da lingua nunha porcentaxe moi alta ou case total.

Contamos con medios audiovisuais en galego como a RTVG, pero é un medio fronte a tódolos demais que emiten en castelán.

Na internet temos medios en galego que se van incrementando de forma considerable.

Puntos febles:

Debido á localización do colexio no centro da cidade fai que a lingua predominante do entorno sexa o castelán.

Nas Administracións Públicas (Concello, Xunta de Galicia...), nas manifestacións orais, o emprego do castelán é maioritario.

As asociacións circundantes tamén fan un uso maioritario do castelán.

Se nos fixamos nos nosos medios de comunicación locais (Diario El Progreso, La Voz de Galicia, Cadena Ser, COPE, Radio Voz...) a maioría da información dana en castelán. Son contados os programas ou artigos emitidos en galego.

Na internet temos medios en galego dunha forma considerable, pero descoñecidos para o alumnado e boa parte da sociedade. Isto compróbase cando se lles fala deles nas aulas. O 90% do alumnado descoñece eses medios en galego.

- O resultado do I2 (Dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego) é de 0,6; o que se interpreta como ningunha.

Puntos fortes:

A maioría do profesorado considera que ten unha capacitación media ou alta para empregar o galego na actividade docente.

Hai unha disposición a facer cursos de reciclaxe ou actualización, moderada ou boa, maioritaria.

A metade do profesorado cre que en Galicia se debe usar máis o galego.

2/3 do profesorado cre que unha materia coma as matemáticas se pode aprender en galego.

A maioría do profesorado cre que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social da lingua galega.

2/3 do profesorado cre que a lingua galega debe ser fomentada socialmente.

Puntos febles:

O profesorado emprega habitualmente o castelán de forma maioritaria así como no centro educativo.

Un terzo do profesorado ten pouca ou ningunha disposición para facer cursos de reciclaxe ou actualización.

Á metade do profesorado élle indiferente ou está en desacordo que en Galicia se use o galego.

1/3 do profesorado cre que unha materia coma as matemáticas non se pode aprender en galego.

A 2/3 do profesorado élle indiferente ou está en desacordo sobre o uso do galego que se establece na lexislación educativa.

A maioría do profesorado élle indiferente ou esta en desacordo que a lingua galega sexa axeitada para os videoxogos.

- O resultado do I3 (Presenza do galego na vida do alumnado) é de 0,39; o que se interpreta como ningunha.

Puntos fortes:

O 56% dos pais e o 55% do alumnado consideran que en Galicia o galego é útil, fronte a un 16% dos pais e o 14% do alumnado que non o consideran útil.

O 44% dos pais e o 55% do alumnado consideran que en Galicia debería usarse máis o galego, fronte ao 26% dos pais e ao 15% do alumnado que cren que non.

O 81% dos pais e o 70% do alumnado cren que a xente que fala castelán non é máis intelixente.

Puntos febles:

Un 66% do alumnado aprendeu a falar en castelán. Só un 25% o fixo nas dúas linguas.

O 70% do alumnado ten como lingua habitual na casa o castelán ou predomina o castelán.

O 83% do alumnado emprega só o castelán ou predomina o seu uso.

Ao 60% dos pais é-lles indiferente que a lingua galega sexa axeitada para os videoxogos e o 55% dos alumnos está en desacordo.

O 60% dos pais están en desacordo que se aprendan as matemáticas en galego e un 46% do alumnado.

Ao 57% do alumnado non lle gustaría recibir máis clases en galego.

- O resultado do I4 (Presenza ambiental do galego no centro) é de 0,26; o que se interpreta como ningunha.

Puntos fortes:

A presenza da lingua galega na documentación administrativa, nas notas informativas dos taboleiros.

Emprego da lingua galega na interacción co alumnado, coas familias e con outras institucións a nivel escrito.

Unha presenza aceptable na utilización das TIC, aínda que moi mellorable.

Puntos febles:

Emprego da lingua galega na interacción co alumnado, coas familias e con outras institucións a nivel oral.

Interacción co alumnado en contextos informais.

Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente.

Emprego da lingua galega por parte da ANPA.

Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.

Dotación de fondos en galego na biblioteca.

Visibilidade das accións do ENDL.

3.- ADDENDA LINGÜÍSTICA. DECISIÓN RESPECTO DAS LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS, MATERIAS E MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECEMENTO.

3.1. EDUCACIÓN INFANTIL.

Á vista das respostas á pregunta sobre a lingua materna predominante entre o novo alumnado de educación infantil, formulada nos impresos da matrícula recollidos no curso 15-16 extraíse os resultados

CURSO 12/13	FOLLAS MATRÍCULA RECOLLIDAS	% LINGUA MATERNA
1º INFANTIL	50	94% Castelán / 6% galego
2º INFANTIL	50	94% Castelán / 6% galego
3º INFANTIL	50	94% Castelán / 6% galego

Á vista dos resultados anteriores o claustro do colexio Marista-La Inmaculada establece como lingua vehicular en Educación Infantil o castelán. Non obstante, e de acordo co decreto 79/2010, o profesorado establece o compromiso de realizar aquelas actividades e levar a cabo estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera, por oral e por escrito, o coñecemento da lingua galega dentro dos límites da etapa.

A presenza dos diferentes idiomas (castelán, galego e inglés) na Educación Infantil responde principalmente ao obxectivo de desenvolver no alumno as capacidades de comunicación, pensamento lóxico e coñecemento do contorno social e natural. A aprendizaxe das linguas estranxeiras en idades temperás achega aos alumnos novas posibilidades de expresión e comunicación ao mesmo tempo que contribúe ao seu desenvolvemento integral e a unha mellor comprensión da súa propia lingua.

Lingua galega e Lingua castelá

Unha vez establecido o castelán como lingua vehicular desta etapa lingua materna predominante nesta etapa., abórdase o ensino da lingua galega e da inglesa a través da lectura de imaxes e pictogramas, contos, cancións e celebracións cíclicas (Magosto, Samaín/Halloween, Nadal, Entroido). O proceso de lectoescritura iníciase en castelán e, unha vez dominado, iníciase o mesmo proceso na lingua galega e inglesa. Trabállase tamén de forma conxunta nas tres linguas a adquisición do vocabulario básico así como dunha serie de indicacións e instrucións que forman parte da rutina da aula.

Así mesmo, o alumnado de Educación Infantil participará daquelas actividades organizadas polo EDL do centro quen se encargará de adecualas á súa idade, capacidade e coñecementos.

Ocupa un lugar importante a cartelería na aula, na que o profesorado se preocupa de que apareza nas dúas linguas.

Estratexias de aprendizaxe

- Potenciar o uso das habilidades lingüísticas (escoitar, falar, ler, e escribir)
- Propiciar contextos de comprensión e expresión facendo uso de distintos códigos de comunicación: verbal, gráfico, xestual, plástico, musical, tecnolóxico e matemático.
- Desenvolver as habilidades matemáticas necesarias para comprender e interpretar a realidade, realizar hipóteses e elaborar conclusións.
- Adquirir e potenciar habilidades de respecto.
- Coñecer diferentes manifestacións que forman parte da nosa cultura.
- Propiciar situacións de aprendizaxe, nas que se active a observación, a manipulación e a organización da información dunha maneira eficaz.

Actividades

- Describir imaxes.
- Interpretar correctamente pictogramas.
- Aprender cancións con movementos asociados.
- Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.
- Ler, interpretar e comprender frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Narrar contos.
- Gozar coa lectura como fonte de información, pracer e aprendizaxe.
- Ler e escribir o propio nome, palabras e pequenas frases adaptadas ao seu vocabulario.
- Relatar feitos.
- Identificar letras semellantes e diferentes en palabras escritas.
- Realizar xogos nos que se desenvolven as habilidades matemáticas (quebracabezas, series, cadros de dobre entrada, labirintos, cores, nocións espacio-temporais...)
- Utilizar fórmulas de cortesía (saudar, dar grazas, despedirse...).

*Todas estas actividades levaranse a cabo nas dúas linguas oficiais da Comunidade

Lingua Inglesa

As horas destinadas á aprendizaxe da Lingua inglesa serán dunha HORA semanal nos tres cursos de Infantil (repartidas en sesións de 30'). O profesorado imparte toda a sesión nesta lingua. No horario establécese unha sesión de 15 minutos semanal en cada aula de conto exclusivamente en inglés.

3.2. EDUCACIÓN PRIMARIA. ADDENDA LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2016-17

EDUCACIÓN PRIMARIA								
MATERIAS		HORAS						IDIOMA
		1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Lingua Galega		4	4	4	4	4	3	GALEGO
Matemáticas		5	5	4	4	5	5	
CCSS, CCNN		3/2	2/2	3/2	2/2	2/2	3/2	
Educación Física		2	2	2	2	2	2	
Lengua Castellana		4	4	4	4	4	3	CASTELÁN
Educación Artística	Música	1	1	1	1	1	1	
	Plástica	1	1	1	1	1	1	
Relixión		1	1	1	1	1	1	
Lingua Estranxeira		2	2	3	3	3	3	INGLÉS
		G= 8 C= 9 I= 8	G= 8 C= 9 I= 7	G=12 C= 9 I= 4	G= 10 C= 10 I= 4	G=10 C= 11 I= 4	G= 10 C= 10 I= 4	
		G= 28 C= 27 I= 19			G= 30 C= 31 I= 12			

3.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA. ADDENDA LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2016-17

1º ESO	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega	4	Galego
Lingua Castelá	4	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	4	Galego
Matemáticas	5	Castelán
Xeografía e Historia.	3	Galego
Oratoria	1	Galego
Relixión	1	Castelán
Educación Física	2	Castelán
Educación Plástica, Visual e audiovisual	2	Galego
Titoría	1	Castelán
Inglés	3	Inglés
Francés	2	Francés
Gal: 14h/ Cast:13h/Ing: 3/Fr: 2		

2º ESO	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega	3	Galego
Lingua Castelá	3	Castelán
Física e Química	3	Galego
Matemáticas	5	Castelán
Xeografía e Historia.	3	Galego
Tecnoloxía	3	Castelán
Relixión	1	Castelán

Educación Física	2	Castelán
Paisaxe e sostibilidade	1	Galego
Música (en inglés/texto castelán)	2	Inglés/castelán
Titoría	1	Galego
Inglés	3	Inglés
Francés	2	Francés
Gal: 11h/ Cast:14h/Ing: 5/Fr: 2		

3º ESO	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega	3	Galego
Lingua Castelá	3	Castelán
Física e Química	2	Castelán
Matemáticas	4	Castelán
Ciencias Sociais: Xeografía e Historia.	3	Galego
Bioloxía e Xeoloxía	2	Galego
Tecnoloxías	2	Castelán
Relixión	1	Castelán
Educación Física	2	Castelán
Educación Plástica e Visual	2	Galego
Música (en inglés / texto castelán)	2	Inglés/castelán
Titoría	1	Galego
Inglés	3	Inglés
Francés (opt)	2	Francés
C. Clásica (en inglés / texto galego)	2	Inglés/Galego
O número de horas que ten o alumno nos idiomas cooficiais depende das troncais e optativas que escolla		
4º ESO	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega (obligatoria)	3	Galego

Lingua Castelá (obrigatoria)	3	Castelán
Matemáticas (obrigatoria)	3	Castelán
Xeografía e Historia. (obrigatoria)	3	Galego
Relixión (obrigatoria)	1	Castelán
Educación Física (obrigatoria)	2	Castelán
Inglés (obrigatoria)	3	Inglés
Titoría (obrigatoria)	1	Castelán
Economía (troncal)	3	Galego
Física e Química (troncal)	3	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía (troncal)	3	Galego
Latín (troncal)	3	Galego
TIC	3	Galego
Educación Plástica e Visual (optativa)	3	Galego
Cultura Científica	3	Galego
Francés	3	Francés
O número de horas que ten o alumno nos idiomas cooficiais depende das troncais e optativas que escolla.		

Independentemente do anteriormente establecido, fomentárase o **emprego da lingua galega** nos seguintes ámbitos tanto en **PRIMARIA COMO EN SECUNDARIA**

- Nas **celebracións cíclicas** (Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Bocata Solidario, Día do Libro, festas colexiais, Día das Letras Galegas).
- Nas **actividades propostas polo EDL** como a Semana do libro entre outras.
- Nas **bibliotecas de aulas e biblioteca do centro** co obxectivo de fomentar a lectura en galego e así conseguir que, unha vez finalizada a Educación Primaria, os estudantes teñan unha competencia lingüística axeitada a súa idade.
- Na **área de Educación Musical** na que os mestres traballan cancións e folclore instrumental co obxectivo de dar a coñecer ao alumnado a cultura que lles rodea.

- Nas **saídas e actividades culturais** relacionadas coa lingua e literatura galegas, buscando acadar unha visión positiva das mesmas, amosar a estreita relación entre lingua e cultura e axudar á normalización do galego.

LINGUAS EXTRANXEIRAS EN PRIMARIA E SECUNDARIA

A **lingua inglesa** conta con máis carga horaria dado que se estableceu o proxecto de seccións bilingües durante o curso 2015/2016 en primaria e anteriormente en secundaria. Dende o centro foméntase a participación do profesorado en cursos de reciclaxe e actualización para mellorar a súa competencia lingüística e metodolóxica. Tamén se fomenta no alumnado a lectura de libros da biblioteca de aula e da biblioteca escolar e de obras de lectura obrigatoria en ESO (unha lectura por trimestre), neste caso o alumnado expón oralmente os temas da lectura como forma de reforzo á expresión oral, o visionado de vídeos e a participación nas celebracións máis coñecidas e próximas para os nenos como Halloween, Christmas ou Easter.

A aprendizaxe desta lingua establécese como opción de centro para todo o alumnado. Ademais o profesorado deberá usar exclusivamente esta lingua dentro da aula

Foméntanse os intercambios lingüísticos (proporcionando toda a información necesaria para acceder a cursos no estranxeiro xa sexa a través de bolsas públicas coma de organizacións privadas).

Actividades concretas programadas para os vindeiros cursos:

- intercambio de cartas de alumnado de 6º primaria cun colexio norteamericano
- Auxiliar de conversa que acompaña ao profesorado de inglés unha sesión semanal nos cursos con seccións bilingües (3º e 4º de primaria e secundaria)
- Charla cultural sobre aspectos da cultura inglesa co alumnado de 3º ESO

SECCIÓNS BILINGÜES

É firme a idea do equipo directivo de implantar algunha sección bilingüe en todos os cursos de primaria e manter as xa existentes en secundaria.

Lingua Francesa

En 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria, a Lingua Francesa é obrigatoria para todos os alumnos. En 3º e 4º é unha materia de libre elección.

4.- INFORMACIÓN E VALORACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO ANTERIOR

Os obxectivos propostos cumpríronse nunha porcentaxe moi alta. Pois se analizamos o grao de realización das actividades propostas vemos que nos quedaron moi poucas por executar. Se temos 28 actividades e non

conseguimos realizar 2, veremos que acadamos un 93% de realización. Esta porcentaxe pódese considerar moi alta e un grao de satisfacción positivo.

En canto ao grao de colaboración con outras institucións, entidades, asociacións ou centros educativos temos que dicir que a colaboración se dá con maior frecuencia entre iguais, é dicir, entre centros educativos e sobre todo entre centros educativos da FEREGA-CECA e Marista.

Cómpre destacar o desinterese do alumnado en participar nos premios literarios que lles foron propostas, como por exemplo os da biblioteca Nodal en Secundaria.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Ser máis activos na difusión de actividades.
- Intentar acadar un maior emprego da lingua no ámbito oral por parte dos distintos órganos do centro.
- Potenciar o emprego da lingua oral mediante a creación de espazos de uso.
- Promover a difusión de actividades en lingua galega tanto na páxina web como no blog.
- Potenciar actividades complementarias que teñan relación coa cultura e uso da lingua galega.

5.- OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS PARA O FOMENTO DO GALEGO.

Obxectivos xerais

- Continuar concienciando, a través de accións dialogantes, a aqueles sectores da comunidade escolar menos predispostos da conveniencia do uso do galego no ensino.
- Propoñer e demandar dos órganos de goberno competentes o uso progresivo do galego no labor docente, velando así que se cumpra o marcado legalmente.
- Colaborar con calquera sector da Comunidade Escolar en materia de asesoría lingüística, tradución, planificación, etc., en traballos que contribúan ó labor normalizador (elaboración das programacións por competencias, circulares informativas, boletín de notas, fichas de titoría, documentación administrativa, lema da provincia marista de Compostela e lemas de titorías, nóminas, recibos, facturas, axenda do alumnado, menú do comedor, taboleiros, etc...).
- Apoiar e mesmo coordinar calquera iniciativa normalizadora de membros da Comunidade Educativa.
- Potenciar o uso da biblioteca do Centro como un elemento normalizador a través das sesións de contacontos para Infantil e Primaria e a través dos concursos mensuais de lectura para Primaria. Ademais

haberá que dotala dun maior número de obras en galego, sobre todo para 2º ciclo de Primaria e Secundaria.

- Informar permanente ao profesorado sobre material en galego e cursos de formación e linguaxes específicas propostos por calquera entidade.
- Elaborar de carteleiras de aula e dos corredores coas diferentes celebracións que se levan a cabo ao longo do curso académico (Semana das Letras Galegas, Día Internacional do Libro, O Magosto, O Entroido...).
- Participar en campañas, concursos e certames que promocionen o emprego do galego en calquera ámbito (concurso Frei Martín Sarmiento...)
- Facer máis visible a toda a comunidade educativa todas aquelas actividades levadas a cabo polo EDL.

Liñas de actuación

5.1 Actividades que contribúan a mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega.

5.1.1 Maior coñecemento de medios audiovisuais e informáticos que existen en galego.

- Tríptico informativo de material audiovisual.
- Ciclo de cine en galego.
- Buscar páxinas de xogos para os momentos de lecer no centro e publicitalo a fóra.
- Elaborar un díptico con recursos informáticos en galego.

5.2 Actividades que contribúan a un maior emprego da lingua galega por parte do profesorado.

5.2.1 Concienciar no cumprimento das leis educativas.

- Poñer na web as horas impartidas en galego e os acordos tomados do uso do galego no centro

5.2.2 Desterrar a existencia de prexuízos lingüísticos.

- Poñer polo colexio pósters de xente coñecida que fala en galego.
- Elaborar un blog onde se empregue a lingua galega e onde poidan aparecer traballos de clase dos alumnos e traballos do profesorado.

5.2.3 Formar ao profesorado que mostra carencias para unha desenvolver axeitadamente un

ensino bilingüe.

- Informar sobre os cursos CELGA, os do CEFORE, os da FERE e outros que saian durante o curso.

5.2.4 Maior implicación do Equipo Directivo e do profesorado.

Levar ao equipo directivo puntos nos que poidan decidir:

- Decoración dos espazos do colexio en galego: campañas: (propoñemos Nadal, Paz, Fin de curso).
- Realizar algunha das celebracións que temos os profesores durante o curso en galego
- Emprego da lingua galega nalgúns reunións por parte do profesorado competente.

5.3 Actividades que contribúan a un maior emprego da lingua galega por parte do alumnado.

- Evitar os prexuízos cara ao emprego do galego na escola.
- Poñer polo colexio pósters de xente coñecida que fala en galego.
- Introducir publicidade na web.

5.4 Actividades que contribúan a unha maior presenza ambiental do galego no centro.

5.4.1 Carencia de espazos de uso da lingua galega.

- Poemario colectivo sobre Uxío Novoneyra, a súa poesía e O Caurel.
- Uso do recreo un día a semana: luns

5.4.2 Maior visibilidade das accións do EDNL.

- Utilizar un espazo na web do centro.
- Dotar á biblioteca dun maior número de recursos en galego.
- Mercar material audiovisual e informático en galego.

5.4.3 Empregar a lingua galega oralmente na interacción co alumnado as familias e as institucións.

- Empregar a lingua galega nas entrevistas coas familias sempre e cando os interlocutores

entendan o código lingüístico.

- Empregar a lingua galega durante o recreo unha vez á semana (luns): alumnado e profesorado.

6.- INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE SE VAI DESENVOLVER, NOS VINDEIROS, PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Temporalización	Título actividade (incluídas as que non teñen custo económico)	Destinatarios	Material necesario para a realización das actividades.
Todo o curso	Elaborar recursos audiovisuais en galego para poñer no blog e na web do colexio.	Alumnado e profesorado	Programas informáticos de tratamento de son e de imaxe. (material audiovisual)
Todo o curso	Enlazar no blog e na web do colexio medios audiovisuais existentes.	Comunidade Educativa.	Ordenador
3º trimestre	Audiovisualización de lendas e contos galegos	Visitantes da páxina web Galicia Encantada: recurso para profesores . Alumnos de 1º e 2º da ESO	Contos e lendas en lingua galega. Páxina web http://www.galiciaencantada.com/ . Recursos informáticos: aula de informática, PowerPoint, Cds para a distribución
Todo o curso	Concurso literario Frei Martín Sarmiento	Comunidade Educativa.	Libros para a lectura, que achega a FEREGA-CECA (categorías 1ª a 5ª), Libros para a lectura para a categoría 6ª que merca o EDL
Todo o curso	Poñer na páxina web do centro as actividades para potencialas.	Comunidade educativa e entorno	Ordenador

Todo o curso	Informar sobre os distintos cursos, xornadas e seminarios que oferte a administración ou outros organismos.	Profesores que imparten docencia no centro	Ordenador
Todo o curso	Consolidar que a primeira reunión mensual se desenvolva en galego.	Profesores que imparten docencia no centro	Ordenador
Todo o curso	Promover que os equipos elaboren e executen as súas actividades deseñadas para o curso en lingua galega	Comunidade educativa	Propoñemos achegar desde o EDLG ata 300 € para a elaboración de material para as actividades nas que se empregue a lingua galega.
Todo o curso	Mochila viaxeira con conto cooperativo	Alumnado de 2º de primaria	Mercar libros que están deteriorados.
Todo o curso	Blog en galego Xanela	Comunidade Educativa.	Ordenador
2º trimestre	Concurso escolar día dos namorados	Alumnos de 5º e 6º de Primaria e de 1º e 2º da ESO	Os premios para cada categoría: lambetadas
3º trimestre	Letras Galegas	Todo o alumnado do centro.	Adquirir libros sobre o autor homenaxeado e para materiais para a preparación das actividades que se realizarán no acto da celebración das Letras Galegas
Todo o curso	Premios literarios	Alumnos ESO	Para envío de traballos
3º trimestre	Festa da lingua	Alumnos de ESO	Autobuses

1º trimestre	Propoñer ao persoal da biblioteca alternar actividades en galego e en castelán	Alumnado e persoal non docente	Fichas coas actividades.
Todo o curso	Continuar a colaboración co Equipo de Ambientación	Comunidade Educativa.	Materiais necesarios para a ambientación do centro.
Todo o curso	Comunicacións aos xornais e revistas en galego.	Comunidade Educativa	Ordenador
1º trimestre	Actividades de acollida de inicio de curso	Alumnos de ESO	Fotocopias, autobuses
2º trimestre	Rutas literarias polo museo	3º ESO	Libro de lectura
3º trimestre	Programa de festas Champagnat	Comunidade educativa	Trípticos sobre 800 exemplares
1º trimestre	Díptico solidariedade	Comunidade educativa	Trípticos sobre 800 exemplares
Todo o curso	Parlamento Xove	Alumnado	



Colexio A Inmaculada

Av. Alcalde Anxo López Pérez, 2 - 27002 LUGO

Teléfono 982.28.03.92 - Fax 982.28.08.17